



Expediente IET: P-19-618
Plan ou programa: Delimitación do solo de núcleo
rural do Mosteiro, parroquia de Donas
Concello: Gondomar (Pontevedra)
Promotor: Concello de Gondomar
Expediente DXCACC: 2019AAE2400

CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Con data do 29/10/2019, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o borrador e o documento ambiental estratéxico do plan ou programa referido no encabezamento, no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

1. Marco legal:

De acordo co artigo 30.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano ambiental debe consultar ás Administracións públicas afectadas, poñendo á súa disposición o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan ou programa que se somete a avaliación. Conforme ao artigo 5 da Lei 21/2013, entre as Administracións afectadas atópanse as que teñen competencia específica en materia de paisaxe.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, este asume as competencias en materia de paisaxe, que se exercen de acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

2. Descrición do plan ou programa e contido da documentación:

O expediente ten por obxecto establecer o perímetro da clasificación de solo de núcleo rural tradicional do Mosteiro. Así mesmo, redacta a ordenanza específica na que se regulan os usos, os aliñamentos, edificabilidade, alturas, etc., e se establecen condicións estéticas e tipolóxicas para edificacións e peches.

O borrador e o documento ambiental estratéxico non inclúen apartados específicos de análise da paisaxe, se ben recollen referencias puntuais nos epígrafes descritivos do modelo de asentamento, nos referentes ás afeccións sectoriais e en distintos artigos da normativa establecida para o núcleo rural do Mosteiro.



3. Análise da incidencia do plan ou programa sobre a paisaxe:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar ao que se refire o plan ou programa localízase na grande área paisaxística Rías Baixas, na comarca paisaxística Vigo Litoral.

O Mosteiro sitúase na parroquia de Donas, ao suroeste do núcleo urbano de Gondomar. Trátase dun asentamento de carácter mononuclear que xorde ao redor da igrexa parroquial e que se continúa cun desenvolvemento lineal cara as vertentes oeste e sueste, conservando a morfoloxía tradicional do núcleo na actualidade. As edificacións localízanse nunha zona de transición, de escasa pendente, entre unha área elevada de monte e a cunca do río Pequeno. O núcleo conserva distintas construcións de interese patrimonial, arquitectónico e etnolóxico (peches tradicionais de cachotería de granito construídos en xunta seca, cruceiros, hórreos, fontes ou lavadoiros) que o borrador do proxecto recolle nun catálogo ou protexe mediante ordenanzas específicas. A este respecto, valórase positivamente a consideración dos peches tradicionais na definición dos aliñamentos e nas ordenanzas.

A delimitación proposta non presentará unha forte incidencia paisaxística toda vez que resulta axeitada á realidade edificada existente e que respecta os elementos de valor patrimonial e etnolóxico; non obstante co fin de conservar a morfoloxía tradicional do núcleo, e en congruencia co establecido nas determinacións 3.1.10 e 3.1.11 das DOT, deberíanse excluír da delimitación as parcelas localizadas no perímetro sur do ámbito, evitando a fusión co núcleo de Pereiro, e manter así a franxa de solo rústico de transición entre ambos asentamentos.

Por outra banda, respecto ás condicións estéticas das edificacións, recollidas na normativa, o material permitido para a cuberta debería de ser a tella, posto que responde ao empregado tradicionalmente na contorna, aínda que, como se indica no artigo 25.2 da normativa, en casos excepcionais se poidan utilizar materiais (cinc, cobre, etc.) que harmonicen cos tradicionais.

4. Conclusión:

Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considérase que a delimitación do solo de núcleo rural do Mosteiro, parroquia de Donas, non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben compre ter en conta o sinalado anteriormente.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Guillermo Evia Pérez

(Documento asinado electronicamente)

